



Amigos de la
Ópera de Vigo
PRESENTA

Outono
lírico 2012+1

EL AMOR BRUJO
MANUEL DE FALLA



Amigos de la
Ópera de Vigo
PRESENTA



Outono Lírico 2012+1

ÓPERA en VIGO

4 outubro - 22 decembro

Centro Cultural Novacaixagalicia

EL AMOR BRUJO

MANUEL DE FALLA

4 de outubro, 20.30 horas

IL TROVATORE

G. VERDI

22 de decembro, 20.30 horas

LA DEL MANOJO DE ROSAS

PABLO SOROZABAL

9 de novembro, 20.30 horas

venda de entradas
www.servinova.com
902 504 500

AS PAIXÓNS DE VERDI E WAGNER SEGUNDO LISZT

Severino Rey Ortíz, piano

Paráfrase de Liszt sobre as óperas de Verdi

25 de outubro, 20.30 horas

Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música de Vigo **ENTRADA LIBRE**

Anne Boëls, piano

Paráfrase de Liszt sobre as óperas de Wagner

29 de novembro, 20.30 horas

Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música de Vigo **ENTRADA LIBRE**

Ciclo de conferencias:

NO CREPÚSCULO DO BICENTENARIO VERDI-WAGNER

Guillermo García Alcalde:

Wagner en imaxes: as mellores escenografías do século XXI

4 de novembro, 20.00 horas

CLUB FARO DE VIGO, Auditorio do Areal **ENTRADA LIBRE**

Andrea Merli: O Verdi hispánico

8 de novembro, 20.30 horas

Auditorio Delegación Xunta de Galicia. Rúa Concepción Arenal -Montero Ríos **ENTRADA LIBRE**

Mesa redonda:

Il Trovatore de Verdi. A eterna Lei do Desexo

Victoria Stapells, Arturo Reverter, Carlos E. Pérez, J. M. Miranda e Daniel Diz

18 de decembro, 20.30 horas

Auditorio Delegación Xunta de Galicia. Rúa Concepción Arenal -Montero Ríos **ENTRADA LIBRE**

Patrocina



CONCELLO DE VIGO



Organiza



Amigos de la Ópera de Vigo

Colabora

Universidade de Vigo



extraco

Mecenado

femxa
Grupo
generamos conocimiento



Amigos
de la Ópera
Vigo

*Benvidos a
Outono Lírico 2012+1*





Versión con cantante de flamenco.

Gitanería nun acto e dous cadros escrita expresamente para Pastora Imperio.

Libreto de Gregorio Martínez Sierra.

Data e lugar da estrea

Madrid, Teatro Lara, 15 de abril de 1915. Candelas, Pastora Imperio; Dir., José Moreno Ballesteros; decorados e traxes, Néstor Martín Fernández de la Torre; Dir. de escena, Gregorio Martínez Sierra.

Partes

Cadro 1º: 1. Introducción y escena - 2. Canción del amor dolido - 3. Sortilegio - 4. Danza del fin del día - 5. Romance del pescador - 6. Intermedio . Cuadro 2º: 7. Danza del fuego fatuo - 8. Interludio - 9. Canción del fuego fatuo - 10. Danza y canción de la bruja fingida - 11. Final.

Personaxes

Candelas, xitana vella, xitaniña, outra xitaniña e xitano.

Duración

34 minutos aprox.

Equipo

Voz e textos recitados, frauta (piccolo), óboe, trompa, cornetín, campanólogo, piano, 2 violíns 1.º, 2 violíns 2.º, 2 violas, 2 violonchelos e contrabaixo.





“Manuel de Falla”

Un dos compositores españois máis destacados do século 20. Naceu en Cádiz o 23 de novembro de 1876. De neno estudou música coa súa nai e outros profesores da súa cidade natal; xa de mozo estudou composición co prestixioso musicólogo e profesor Felipe Pedrell. Dende 1905 a 1907 ensinou piano en Madrid, e entre 1907 e 1914 estudou e traballou en París. No período transcorrido durante os anos 1914 e 1938 viviu e compuxo sobre todo en España. En 1939 fixou a súa residencia en Arxentina, onde, o 14 de novembro de 1946, morreu.


Baixo a influencia de Pedrell, defensor de que as bases da música dun país debían provir do seu propio folclore, Falla desenvolveu un estilo claramente nacionalista que caracterizou practicamente todas as súas composicións. Non obstante, non adoitaba utilizar as cancións folclóricas españolas dun xeito directo nos seus temas, senón que incorporou unicamente o seu espírito. O elemento impresionista da súa obra procede de compositores franceses como Claude Debussy e Maurice Ravel, aos cales coñeceu en París. Falla foi o adañ do movemento contra a influencia da música alemá e italiana na ópera española, e contra a esterilidade da música para orquestra e de cámara do seu tempo en España.



Entre as súas composicións temos *Noches en los jardines de España* (1909-1915) para orquestra e piano, a ópera *La vida breve* (1913), sobre texto de Fernández Shaw, os ballets *El amor brujo* (1915) e *El sombrero de tres picos* (1919), a *Fantasia bética* para piano (1919), a fantasía escénica *El retablo de Maese Pedro* (1924), o *Concerto para clave e 7 instrumentos* (1923-1926) e música para guitarra. Deixou sen concluír o oratorio *La Atlántida* sobre o poema de Jacint Verdaguer; rematouno o seu discípulo Ernesto Halffter. Manuel de Falla morreu en Alta Gracia, Córdoba (República Arxentina)

“Federico García Lorca”

Federico García Lorca, un dos poetas máis insignes da nosa época, naceu en Fuente Vaqueros, unha vila andaluza da veiga granadina, o 5 de xuño de 1898 -o ano en que España perdeu as súas colonias-. A súa nai, Vicenta Lorca Romero, fora durante un tempo mestra de escola, e o seu pai, Federico García Rodríguez, posuía terreos



na veiga, onde se cultivaba remolacha e tabaco. En 1909, cando Federico tiña once anos, toda a familia -os seus pais, o seu irmán Francisco, el mesmo, as súas irmás Conchita e Isabel- estableceuse na cidade de Granada, aínda que seguiría pasando os veráns no campo, en Asquerosa (hoxe, Valderrubio), onde Federico escribiu gran parte da súa obra.

Máis tarde, aínda despois de viaxar moito e vivir durante longos períodos en Madrid, Federico recordaría como afectaba á súa obra o ambiente rural da veiga: "Amo á terra. Síntome ligado a ela en todas as miñas emocións. Os meus máis afastados recordos de neno teñen sabor de terra. Os bichos da terra, os animais, as xentes campesiñas, teñen suxestións que chegan a moi poucos. Eu cáptoas agora co mesmo espírito dos meus anos infantís. Pola contra, non podería escribir *Vodas de sangre*."


Nos seus poemas e nos seus dramas revélase como agudo observador da fala, da música e dos costumes da sociedade rural española. Unha das peculiaridades da súa obra é como ese ambiente, descrito con exactitude, chega a converterse nun espazo imaxinario onde se dá expresión a todas as inquietudes máis profundas do corazón humano: o desexo, o amor e a morte, o misterio da identidade e o milagre da creación artística.



Canciós españolas antigas

Federico García Lorca gravou en 1931 cinco discos gramofónicos con dez das súas cancións populares antigas. O propio García Lorca tocou o piano acompañando a Encarnación López La Argentinita. Manuel Tévar arranxa para esta produción esta colección de poemas harmonizados polo mesmo Lorca que dan boa mostra do folclore nacional de mediados do século XX

Anda jaleo
Cuatro muleros
Tres hojas
Mozos de Monteleon
Morillas de Jaén
La Tarara
En el café de chinitas
Nana de Sevilla
Pelegrinitos
Zorongo gitano
Romance de Don Boyso
Reyes de la baraja



Federico García Lorca



Ginesa Ortega
Francia, 1967.
Cantante de flamenco.

Aínda que nace en terras francesas, esta cantante de flamenco de ascendencia xitana e levantina, trasládase na súa nenez a Barcelona, cidade onde reside actualmente. A vinculación ao flamenco prodúcese xa naqueles primeiros anos de vida de modo que aos doce anos comeza a cantar profesionalmente. Dende entón, participa nos máis importantes festivais e recitais do circuío flamenco, e obtén diferentes distincións neste xénero, entre elas, un primeiro premio en Las Minas de La Unión. O propio devir da súa traxectoria musical, unido á súa curiosidade artística, lévana a interesarse polo mundo do jazz, e intégrase no grupo de flamenco-fusión Iberia. Con esta agrupación formada polos músicos como Joan Albert

Amargós e Carles Benavent, participa en diferentes festivais de jazz en Francia, Alemaña e Dinamarca, e comparte cartel a Chick Corea e John Mc Laughlin. En 1990 grava *El amor brujo* de Manuel de Falla coa Orquestra do Teatre Lliure (Harmonia Mundi, 1991). O disco convértese nun éxito internacional, de aí que se interprete en directo en escenarios como o Queen Elizabeth Hall e o Royal Albert Hall de Londres, o Festival de Edimburgo, a sede da Unesco en París, o Festival de Tanglewood, no Lincoln Center de Nova York e o Hollywood Bowl de Los Ángeles. Entre 1990 e 1993 colabora coa compañía catalá de teatro La Fura dels Baus nunha xira mundial. Como froito desta colaboración, gravan a obra musical *Noun*, galardoada con premios como o de Crítica Teatral e o Ciutat de Barcelona.

Ginesa Ortega colabora novamente en 1993 coa Orquestra do Teatre Lliure na gravación do disco *Canciones Populares de Federico García Lorca* para a discográfica Harmonia Mundi. Catro anos despois, recibe por segunda vez o premio Ciutat de Barcelona pola integración do flamenco dentro das músicas actuais. Colabora de novo con La Fura na presentación do filme *Muerte en Granada*, que se estrea no Pazo de Congressos de Granada. É entón cando se reencontra coas súas raíces flamencas, gravando *Siento* (Harmonia Mundi, 1997), o seu primeiro disco en solitario. O traballo, que inclúe composicións propias, conta coa colaboración de músicos como Jorge Pardo, Tino dei Geraldo e Carles Benavent. Así mesmo, participa en festivais dedicados a novas voces do flamenco en España e Xapón. Xa en 1998 intervéñ no festival Actual 98 e presenta o seu segundo disco *Oscuriá* (Harmonia Mundi, 1998). Tras fichar coa discográfica independente Picap, saca ao mercado en 2002 o seu terceiro disco en solitario, *Por los espejos del auga*. En 2005 publica *Flamenca*.

Dende o ano 2009 director artístico de Madrid Sinfonietta Orchestra MSO, con producións e xiras por Francia, España, Suecia e EUA, Tévar eríxese como un dos talentos musicais máis relevantes da súa xeración.

Entre outras dirixiu a Orchestre de Chambre de Luxembourg, YUNE Youth United Nations Ensemble, a orquestra historicista Academia Quadrivium Sonorae, así como a Orquestra Universitaria Cardenal Cisneros. Profesor de piano no Conservatorio Profesional de Música Arturo Soria de Madrid, funcionario de carreira do Ministerio de Educación. Director artístico e musical dos Cursos internacionais de música e pedagogía Ciudad de Segovia, profesor da Escola Universitaria Cardenal Cisneros en Alcalá de Henares. Director artístico de Spaincellence International Summer Academy Of Music e Lenzo Norte Music Festival. Tévar é invitado regularmente a realizar *masterclasses* e cursos como pianista, pedagogo e compositor.

Comeza os seus estudos musicais con Juan Álvarez, e continúa a súa formación como pianista e compositor con Julián López Gimeno e Manuel Seco de Arpe respectivamente. Especializa os seus estudos con célebres pianistas como Deleft Kaiser, e compositores como Leonardo Balada. Como director de orquestra realizou a súa formación cos directores: Mercedes Padilla, Adrián Cobo, Maximino Zumalave, Lutz Köhler, David Reiland e Xavier Puig.

Con tan só 15 anos recibe o seu primeiro premio de composición coa súa obra para piano só *Escenas da Puebla de Cazalla*. En 2006 obtén o prestixioso Premio de Composición para Música de Cámara da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, Terceiro Premio da Real Academia de Arte e Historia de San Dámaso. En 2008 recibe o Premio de composición da Fundación Xacinto e Inocencio Guerrero. Mención Especial do xurado no III Concurso de composición vocal Amics del Liceu de Barcelona. As súas obras foron estreadas en España, Nova York, París, Londres e Bélxica. Como intérprete obtén diferentes premios en concursos nacionais e internacionais, tanto no apartado de solista coma de música de cámara, sendo recoñecida e premiada a súa interpretación de música española e contemporánea. É membro fundador do dúo Iberian & Klavier xunto coa pianista Laura Sierra, coa que realiza concertos en salas e Festivais de España, Europa e Estados Unidos, e coa que prepara a gravación do seu primeiro proxecto discográfico para finais de 2012. Para a tempada 2013-14 Tévar ten compromisos como director de orquestra e como pianista en EUA, Sudamérica, Europa e Asia.



Manuel Tévar

Pianista, compositor, pedagogo e director de orquestra.

Madrid (1980)



AMOR BRUJO

SPAINCELLENCE CHAMBER ORCHESTRA
Director. Manuel Tévar

Manuel de Falla & Federico García Lorca

Amor Brujo (1915)
Cancións Antigas Españolas



SPAINCELLENCE CHAMBER ORCHESTRA

Spaincellence Orchestra fundada polo seu director artístico e musical Manuel Tévar, foi presentada coma xove orquestra "En Clave de Arts" no Festival Internacional de Música de Segovia, en xullo de 2010.

Dende entón o proxecto "En Clave de Arts..." creceu de xeito exponencial ata a profesionalización deste, tendo como base fundamental a calidade, a excelencia musical e o talento. Dende a súa creación a orquestra participou en importantes festivais e salas de concerto en España e Europa (Festival Internacional Isaac Albéniz de Camprodón, Clásicos en la frontera (Graus) e Collonges la Rouge (Francia), Igrexa de St. Mary en París) alcanzando sempre o éxito e o recoñecemento de crítica e público.

Realizou dous proxectos discográficos co selo Itinerant Classics.

Integrada por 55 mozos músicos procedentes de todo o estado español e con sede activa na comunidade de Madrid, a orquestra traballou de forma poliestilística toda clase de repertorios onde destacan sempre as súas coidadas e esixentes interpretacións. Spaincellence proxecta a súa tempada 2013 con actuacións en España, Europa, EUA e Sudamérica.



TEMPADA AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO OUTONO LÍRICO 2012+1 ORGANIZA: AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO

Xunta Directiva

Presidente: Roberto F. Relova Quinteiro.

Vicepresidente: Pedro Pablo Gutiérrez González.

Secretario: Daniel Diz Portela.

Tesoureiro: José Grobas Montenegro.

Vogais:

Emilia Díaz Fernández.

Marina Inés Linares Cuerpo.

Isabel Ávila Terci.

Daniel Álvarez Vázquez.

Imaxe creativa e publicidade: IdeasPropias Publicidad S.L.

Relacións Públicas e soporte Web: Noel Gómez Espinosa.

COLABORA:

UNIVERSIDADE DE VIGO

MECENADO:

GRUPO FEMXA FORMACIÓN

EXTRACO CONSTRUCCIONES

IDEASPROPIAS PUBLICIDAD

PATROCINAN:

XUNTA DE GALICIA

CONCELLO DE VIGO



Apartado nº 324 • amigosdelaoperadevigo@gmail.com • www.amigosoperavigo.com

twitter

@amigosoperavigo

You Tube

www.youtube.com/user/amigosdelaoperavigo

facebook

www.facebook.com/amigosdelaoperavigo

Luz Verde a la formación

Construimos con nuestros clientes

soluciones y experiencias

vinculadas a la formación que,
de forma eficiente, facilitan el

desarrollo y crecimiento

de personas y organizaciones.

Diseñamos soluciones formativas
principalmente para **Agentes Sociales,**
Administraciones Públicas y Empresas.

Amigos de la
Ópera de Vigo
PRESENTA



Outono lírico 2012+1

ÓPERA en VIGO

4 outubro - 22 decembro

Centro Cultural Novacaixagalicia

EL AMOR BRUJO

MANUEL DE FALLA
4 de outubro, 20.30 horas

IL TROVATORE

G. VERDI
22 de decembro, 20.30 horas

LA DEL MANOJO DE ROSAS

PABLO SOROZABAL
9 de novembro, 20.30 horas

venta de entradas
www.servinova.com
902 504 500

Patrocina



XUNTA
DE GALICIA



Organiza



Amigos
de la Ópera
de Vigo

Colabora

Universidade de Vigo

Mecenado

